

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente da Xunta de Galicia  
secretaria.presidente@xunta.gal

Estimado presidente,

Recibimos con desagradable sorpresa e moito malestar a presentación do Consello de Administración da sociedade de capital público privado constituída pola Xunta e participada por empresas galegas co obxecto de impulsar os proxectos estratéxicos para Galicia no marco dos fondos Next Generation para a recuperación contra a crise da COVID-19.


Como administración pública que defende a igualdade, a paridade e a visibilización das mulleres en todos os eidos, parécenos insólito e incomprensible que a composición do Consello de Administración desta sociedade, presentada nas últimas horas, estea integrada exclusivamente por 9 homes, sen que figure unha soa muller.

Resulta inaudito que en pleno século XXI a Xunta de Galicia e as empresas participantes, se permitan o luxo de desperdiciar o enorme talento de moitas mulleres galegas moi potentes en campos coma a economía, a industria, o ambiente, o urbanismo, a mobilidade, a demografía, a transición ecolóxica, a dixitalización ou a enxeñaría, en definitiva en todos os ámbitos de actuación. Por non estar, nin sequera figura unha soa conselleira do seu Goberno.

Quero lembrarlle tamén que os fondos que Europa destina á recuperación teñen como un dos seus grandes obxectivos a igualdade de xénero, polo que a falta de representación nesta sociedade do 50 % da poboación resulta intolerable e non pode representar de ningunha das formas a sociedade galega.

Por todo isto solicitámoslle como presidente que a Xunta de Galicia, como administración que lidera cunha maior participación esta sociedade, rectifique de inmediato e proceda á incorporación de mulleres ao Consello de Administración para que sexa paritario. Unha administración pública que defende a igualdade, polo menos nos discursos públicos, debe ter unha actuación inequívoca, predicar co exemplo e corrixir coa máxima urxencia esta disfunción que consideramos inaceptable e lamentamos profundamente

Un saúdo,



María del Carmen Silva Rego  
Presidenta da Deputación de Pontevedra

Pontevedra, 4 de maio de 2021